

INFORME FINAL DA ACTUACIÓN RRFF 2017 111 12/15/011/070417/002

“RECUPERACIÓN DA VARIEDADE TRADICIONAL DE PEMENTO DE ARNOIA”

SUBMEDIDA M10.2.2 DE APOIO Á CONSERVACIÓN, USO E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE DOS RECURSOS XENÉTICOS NA AGRICULTURA

Antecedentes

O Pemento da Arnoia se inscribe no Rexistro de Denominacións de Orixe Protexidas e de Indicacións Xeográficas Protexidas (IXP), polo Regulamento (UE) Nº 444/2010 da Comisión do 21 de maio de 2010.

No prego de condición da IXP do Pemento da Arnoia se establece os caracteres mínimos a cumprir polo pementos comercializados. No punto 3.A do artigo 5º se establece que a lonxitude aproximada do froito que debe estar entre 7,5 e 11 cm.

Debido a que o pemento de Arnoia conviviu durante moito tempo con outras variedades de pemento nas hortas familiares, algunhas das características típicas desta variedade se viron modificadas debido a hibridación con outras variedades de pemento. Esta erosión xenética produciu unha redución da talla dos pementos como a perda da forma típica en cascos do ápice do froito.

A Indicación Xeográfica Protexida de “Pemento da Arnoia” está interesada en recuperar as características diferenciadoras deste pemento xa que actualmente so un 30% dos pementos producidos en Arnoia cumpren as especificacións establecidas, e son os que se poden comercializar a través da IXP.

Material e métodos

O plan de mellora para a recuperación das características do Pemento da Arnoia, se baseará nunha selección masal simple, por partirse da base de que os caracteres estaban fixados xa na poboación de forma maioritaria e o que se ten que eliminar son aqueles caracteres indesexables orixinados pola hibridación.

No ano 2014, se partiu de dez liñas co fin de facer un plan de mellora que mantivese a maior variabilidades posible:

- Tres poboacións recollidas en dous parroquia de Arnoia e unha de Cortegada nunha prospección fetia no ano 2001 polo Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo (CIAM) codificadas como Arnoia-25 (Paixión), Arnoia-35 (Laixa) e Arnoia-55 (Meréns).
- Tres poboacións facilitadas polo Concello de Arnoia no ano 2010 e conservada polo CIAM no seu Banco de Xermoplasma codificadas como Ar-CON01, Ar-CON02 e Ar-CON03.
- Tres liñas seleccionadas pola Estación Experimental Agrícola do Baixo Miño codificadas como Ar-145-15, Ar-157-15 e Ar-P4-15
- Unha liña facilitada polo Consello Regulador codificada como Ar-IXP2013.

No ano 2016, como era de prever existían liñas cunha mellor resposta a selección, polo que se primaron nesta fase do Plan de Mellora con máis plantas para acadar máis rapidamente unha maior estabilidade da variedade. O resto de liñas, salvo a

CON03 (por falta de resposta), se seguiron seleccionando por mor de manter un certo grao de variabilidade.

A plantación se fixo ao aire libre por ser o sistema produtivo propio da zona de Arnoia. As plantas foron illadas dos polinizadores por gaiolas feitos de malla mosquiteira. Selección foi simple, se seleccionaron as plantas con maior produción de froitos co fenotipo obxectivo.

No ano 2017 se tomará como base da selección das liñas máis homoxéneas.

Obxectivos

- Recuperar os caracteres típicos do pemento de Arnoia utilizando material mellorado previamente.
- Conseguir unha liña suficientemente estable e homoxénea susceptible de ser rexistrada.
- Preparación dun descritor UPOV para esta variedade seleccionada.
- Dispor de un material rexistrado susceptible de ser multiplicado para que os agricultores da IXP podan utilizar semente certificada.



Imaxe 1: Vista xeral do campo de ensaio.



Imaxe 2: Detalle dos froitos.

Avance de resultados:

No ano 2017, se plantaron 40 parcelas con 3 plantas cada unha. O número de parcela por liña se ponderaron en función da produción de froitos ben conformados do ano 2016. Das liñas Ar157-15, Ar25-15 e P4-15 se plantaron 8 parcelas, da Ar145-15 e CON2-15 se plantaron 4 parcelas, e das liñas AR35-15, AR55-15 e CON1-15 se plantaron 2 parcelas.

Debido a que a data de hoxe se sigue recollendo froitos das parcelas, non se dispoñen de datos definitivos. En termos xerais, se ten alcanzado unha maior uniformidade e talla dos froitos.

Mabegondo, 28 de setembro de 2017

O director do CIAM

Manuel López Luaces

O investigador

Manuel Riveiro Leira